**CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)**

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

# ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 14 DE GOSTO DE 2017.

**ASISTENTES**

| | **GRUPO POLITICO** |
|---|---|
| **ALCALDESA, que preside:** | |
| *Dª Mª Lourdes Ucha Varela* | *PP* |
| **CONCELLEIROS:** | |
| *D. José Ramón Gondar Pintos* | *PP* |
| *D. Ramón Tilve Castro* | *PP* |
| *Dª. Milagros Pérez Gándara* | *PP* |
| *Dª Mª Pilar González Dopazo* | *PP* |
| *D. José Manuel Méndez Lázaro* | *PP* |
| *Dª. Rosalina Lima Prado* | *PP* |
| *D. José Manuel Ásperez Montes* | *MI* |
| *D. Antonio Rial Lastres* | *MI* |
| *D. José Varela Budelo* | *MI* |
| *Dª Mª del Pilar Prado González* | *MI* |
| *D. Manuel Radio Oubiña* | *PSdeG-PSOE* |
| **NON ASISTE:** | |
| *D. Icía García Fernández* | *PSdeG-PSOE* |
| **SECRETARIA:** | |
| *Dª Mª Teresa Escudero Barral* | |

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Meaño, ás 20:00 horas do día 14 de agosto de 2017, reúnese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión ordinaria, coa asistencia dos Sres/as concelleiros/as que se relacionan na marxe.

A tódolos asistentes fixoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Concorrendo o quorúm necesario, declárase validamente constituída a sesión.

Aberta a sesión, pásase seguidamente ao exame dos puntos incluídos na orde do día da convocatoria.

N.I.F.: P-3602700-A – Reg. E.L.: 01360274 – Nº RELGA: MU 2000 / 40

1º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 12-06-2017.

Dáse conta do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á sesión ordinaria de data 12 de xuño de 2017 preguntando se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións á mesma.

Non formulándose ningunha queda aprobada por unanimidade dos doce membros presentes.

2º.- RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE RECUPERACIÓN POSESORÍA DO CAMIÑO D-54 PISTA A REVOLTIÑA.

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta da proposta da Alcaldía en relación co expediente tramitado para a recuperación posesoria do camiño, de dominio público suxeito a un uso público, D-54 Pista A Revoltiña, a D. Tomás Outón Cacabelos e Dª Carmén Álvarez Dopazo, que o están a ocupar e a invadir, perturbando e impedindo a función normal do mesmo co conseguinte prexuízo para os usuarios e o interés xeral, da

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

documentación probatoria que figura no expediente do uso público xeral de devandito camiño polos veciños:

- Certificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos no que figura como ben de dominio Público, afecto a un uso público o ben D-54 PISTA DE A REVOLTIÑA.
- Escrito subscrito polos veciños da parroquia de Dena, con data de rexistro de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Meaño, 03-07-2017, nº 2017-E-RC-883, polo que se solicita que se proceda a exercelas acción precisas para a recuperación do devandito camiño.

Da documentación probatoria da perturbación do uso público deste camiño:

- Reportaxe fotográfico da Policía Local de Meaño de data 12-06-2017.
- Informe do arquitecto municipal de data 20 de xuño de 2017.

E do informe-proposta emitido pola secretaria-interventora do Concello de Meaño de data 4 de agosto de 2017, en relación co mesmo:

"INFORME DE SECRETARIA-INTERVENCIÓN

ASUNTO: Expediente de recuperación posesoria do camiño D-54 PISTA DE A REVOLTIÑA.

Visto o escrito de alegacións presentado por D. Tomás Outón Cacabelos e Dª Carmen Álvarez Dopazo, con data de rexistro de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Meaño 18-07-2017, nº 2017-E-RC-1142, en relación co expediente de referencia; de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a secretaria-interventora que subscribe emite o seguinte INFORME:

**Antecedentes:**

1º.- A Alcaldía mediante Resolución de data 23 de xuño de 2017, RESOLVE:

"1º.- A tramitación do expediente de recuperación posesoria do camiño D-54 PISTA DE A REVOLTIÑA, presuntamente usurpado por D. Tomás Outón Cacabelos e Dª Carmen Álvarez Dopazo, incorporando ao expediente os informes sinalados e a documentación probatoria do uso público xeral do devandito camiño polos veciños.

2º.- Conceder a D. Tomás Outón Cacabelos e Dª Carmen Álvarez Dopazo, ao abeiro do artigo 82.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, un prazo de audiencia de dez días hábiles, desde a notificación da presente Resolución para que acceda ao expediente e formule as alegacións que considere oportunas en relación cos feitos que orixinan este procedemento, así como para propoñer e aporta-las probas que coide convintes en defensa dos seus dereitos."

2º.- A devandita resolución foille notificada aos interesados con data 27 de xuño de 2017, concedéndolle trámite de audiencia, segundo detemina o artigo 82 da Lei 3972015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

3º.- Con data de rexistro de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Meaño 18-07-2017, nº 2017-E-RC-1142, D. Tomás Outón Cacabelos e Dª Carmen Álvarez Dopazo presentan escrito de alegacións.

4º.- Figura no expediente a seguinte documentación probatoria do uso público do devandito camino polos veciños:

- Certificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos no que figura como ben de dominio Público, afecto a un uso público o ben D-54 PISTA DE A REVOLTIÑA.
- Escrito subscrito polos vecinos da parroquia de Dena, con data de rexistro de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Meaño, 03-07-2017, nº 2017-E-RC-883, polo que se solicita que se proceda a exercelas acción precisas para a recuperación do devandito camiño.

5º.- Figura no expediente como documentación probatoria da perturbación do uso público deste camiño:

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

- Reportaxe fotográfico da Policía Local de Meaño de data 12-06-2017.
- Informe do arquitecto municipal de data 20 de xuño de 2017.

**Fundamentos:**
A lexislación aplicable é a seguinte:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- R.D. Lvo. 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

**Primeiro.-** Os camiños veciñais son bens de dominio público municipal, suxeitos ao uso público de acordo có disposto no artigo 79.3 da LRBRL e no artigo 3.1 do RBEL.
A lexislación aplicable é a seguinte:
- Os artigos 4.b), 22.2.j), 68 e 82 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Os artigos 280 e 283 Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Os artigos 3, 44, 4, 70 71 e 72 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño.

**Segundo.-** O Concello ten a obriga de exerce-las accións precisas para a defensa dos seus bens e dereitos, segundo o disposto polo artigo 68.1 da LRBRL.
Así, o artigo 4 da LRBRL, sinala que:
*"1. Na súa calidade de Administracións públicas de carácter territorial, e dentro da esfera das súas competencias; corresponde en todo caso aos Municipios, as Provincias e as Islas:*
*d) As potestades de... recuperación de oficio dos seus bens"*

Esta prerrogativa ven igualmente prevista no artigo 82 da LRBRL, que dí:
*"As entidades locais gozan, respecto dos seus bens, das seguintes prerrogativas:*
*a) A de recuperar por sí mismas a súa posesión en calquera momento cando se trate dos de dominio público e, no prazo dun ano, os patrimoniais"*

E tamén no artigo 12 do RBEL.

**Terceiro.-** O RBEL desenvolve a postestade de recuperación posesoria nos seus artigos 70 e 71, sinalando no punto 1 o citado artigo 70 que *"As Corporacións locais poderán recobrar por sí a tenencia dos seus bens de dominio público en calquera tempo".*

Sinalando o artigo 71.2 que *" A recuperación en vía administrativa requirirá acordo previo da Corporación, o que se acompañarán os documentos acreditativos da posesión, salvo que se trate de repeler usurpacións recentes"* . Engadindo o punto 3 *" Este privilexio habilita ás Corporacións Locais para que utilicen tódolos medios compulsorios legalmente admitidos..."*

**Cuarto.-** A Xurisprudencia foi matizando os requisitos materiais que deben concorrer para que proceda o interdito administrativo ou interdictum propium, como se denomina a potestade recuperatoria da posesión:

a) Que se trate dun ben de pertenencia da Corporación Local, sexa de dominio público ou patrimonial. Na esfera do Dereito administrativo, plantexouse inicialmente a cuestión de si a acción recuperatoria esixía á Entidade Local acreditar a propiedade ou só a posesión. A xurisprudencia foise inclinando por limitarse ao plano posesorio e esixir a proba do ius possesionis correspondente á realidade fática do uso público xeral e permanente dos veciños; polo que esta potestade que lle corresponde ao

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

Concello limítase á recuperación da posesión e non á titularidade de dominio ou outros dereitos reais, que son competencia da xurisdición ordinaria, polo que non é preciso que se demostre a súa titularidade.

b) A usurpación ou perturbación posesoria do ben.

c) Que exista identidade entre o poseído pola Corporación e o usurpado polo particular.

d) En canto aos requisitos temporais, tratándose de bens de dominio público, poderá exercitarse esta acción en calquera tempo.

**Quinto.-** O órgano competente para a recuperación en vía administrativa é o Pleno da Corporación ao abeiro do artigo 22.2 j) e 71.2 do RBEL, que levará a cabo o recoñecemento da recuperación de oficio do ben, si procede, e unha vez adoptado dito acordo, correspóndelle á Alcaldía adoptalas medidas legais oportunas para acadala súa execución, polo que se dará un prazo prudencial a/ao interesado/a que está a realizar a ocupación indebida para que retire os postes e alambre e perpiaños que están a invadir o camiño, perturbando o uso público, e, si non o realizase, previo apercibimento, conforme á 99 e 102 da 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procederase a través da execución subsidiaria, realizando a Administración o acto por sí, a costa dos obrigados.

**Consideracións.**

**Primeira.-** Segundo se sinala no informe e reportaxe fotográfico realizado pola Policía Local de Meaño con data 12 de xuño de 2017 e no informe do arquitecto municipal de data 20 de xuño de 2017, o peche obxecto do presente expediente é de recente construcción.

**Segunda.-** En canto a ocupación e obstaculización deste camiño, que impiden a función e uso normal do mesmo co conseguinte prexuízo para os usuarios e o interés xeral, considerase que queda probada coa documentación relacionada no punto 5º dos antecedentes de feito deste informe e que obran no expediente.

**Terceira.-** En canto á cuestión plantexada no alegato terceiro do escrito de alegacións, na Sentenza nº 71/2017, ditada en relación co procedemento abreviado 284/2016, con data 4 de abril de 2016, pola maxistrada-xuíz do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Pontevedra, interposto por Dª Carmen Álvarez Dopazo contra a Resolución da Alcaldía de data 23 de xuño de 2016, pola que se desestima o recurso de reposición interposto contra a Resolución da Alcaldía de data 21 de abril de 2016, na que se RESOLVE:

"1º/ Desestimar ás alegacións formuladas por D. Tomás Outón Cacabelos e Dª Carmen Álvarez Dopazo, en relación co expediente de reposición da legalidade urbanística que lle foi incoado pola colocación, fronte a finca polígono 8-Parcela 48 (Ref. Catastral 36027A008000480000MU), de columnas de pedra sen título habilitante, incumprindo a normativa urbanística e invadindo o vial municipal.

2º/ Ordenar a D. Tomás Outón Cacabelos e Dª Carmen Álvarez Dopazo a retirada das columnas de pedra colocadas fronte a finca Polígono 8-Parcela 48 (Ref. 36027A008000480000MU), nun prazo de quince días desde a recepción da notificación da presente resolución, ao considerar estes actos como non legalizables por non cumprila aliñación ao camino municipal e con invasión do mesmo.

.../"

Sinálase que *"En cuanto a la cuestión de invasión del viario, que al objeto de determinar la legalidad de la concreta actuación municipal no es relevante, dados los razonamientos ya expuestos, ha de partirse del hecho de que existe un camino inventariado-folio 42-, constando una ficha del mismo en la que éste se describe, entre otras cosas, con una anchura de 2,50 metros en su parte de tierra, y resultando a los efectos de que se trata la presunción de la titularidad municipal, al no haber sido impugnado tal inventario, y, sobre todo teniendo en cuenta que se trataría de determinar la propiedad de una franja de terreno, polo lo que existiría la presunción dicha hasta que por sentencia firme y definitiva dictada en la Jurisdicción Civil se estipule lo contrario, ya que, ni el Concello ni esta juzgadora puede resolver de forma definitiva custiones de propiedad, que es en definitiva lo que subyace en la pretensión de la parte demandante."*

Así mesmo e en relación coa proba pericial que se menciona e aporta, o arquitecto muncipal, en informe de data 21-06-2016, emitido en relación coa mesma proba aportada a este expediente de reposición, sinala:

# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com


"Con relación al expediente abierto relativo a la obra de colocación de columnas de piedra de dimensiones aproximadas de 25 cm x 25 cm y altura variable, situadas en el Lugar de Coirón, parroquia de Dena, D. TOMÁS OUTÓN CACABELOS y Dña. CARMEN ÁLVAREZ DOPAZO, han presentado el día 27-5-2016 un Recurso de reposición a la Resolución de la Alcaldía de 22-4-2016 en virtud de la cual se acordó desestimar las alegaciones formuladas.

Una vez examinadas dicho Recurso al que se acompaña un informe pericial realizado por D. Pablo Pereira Fernández (informe que no se aporta visado ni con la certificación que acredite la titulación y colegiación de quien lo redacta), procedo a emitir el siguiente

INFORME:

1.- La fecha de alta de la pista D-54 que figura en la ficha de inventario de caminos públicos en el documento al que se da cuenta al Pleno de la Corporación el 13-2-2012 para su exposición al público es del 28-4-2011, mientras que la fecha del 11-6-2012 que figura en el Recurso presentado se corresponde con la fecha de Aprobación del inventario por el Pleno de la Corporación.

En todo caso, no es esa la fecha que determina el momento a partir del cual los bienes inventariados pasan a ser municipales, sino que se trata exclusivamente de la fecha en la que se aprueba el inventario. Como es obvio, el hecho de que un Ayuntamiento no disponga de inventario no significa que no disponga de bienes y caminos públicos.

Entendemos pues, que la fecha de aprobación del inventario de bienes municipales no determina que esa misma fecha sea la del inicio de la titularidad municipal de dichos bienes.

2.- En la alegación segunda del Recurso de reposición presentado, se dice que "TODAS Y CADA UNA DE LAS COLUMNAS COLOCADAS, LO ESTÁN EN LA PARTE ALTA DEL MADARRÓN".

A esto solo cabe decir que tanto las fotos realizadas en mi visita al camino, como las que figuran en el informe de la policia local, como las aportadas en el informe pericial adjunto al Recurso de reposición y suscrito por D. Pablo Pereira Fernández muestran que todas las columnas están situadas pegadas a la parte baja del madarrón, y NINGUNA DE ELLAS ESTÁ SITUADA EN LA PARTE ALTA DEL MADARRÓN.

3.- En el Recurso presentado se define el Ribazo como "*terreno muy pendiente, casi vertical, que sirve de límite a caminos, fincas, etc. y en ese sentido es a su vez sinónimo de noiro o talud*".

En el siguiente párrafo del Recurso presentado se manifiesta que la poda de maleza, árboles y arbustos que brotaban del plano del talud propició la caída de piedras que delimitaban el predio. Esto supone que la pendiente del ribazo se fué haciendo menos "vertical" debido a esos desprendimientos, a la vez que dichos desprendimientos invadieron el propio camino (las fotos de la policia local y del informe del recurrente asi lo reflejan) reduciendo el ancho del mismo, lo que pudo motivar que la medición ahora efectuada por el técnico D. Pablo Pereira Fernández refleje un menor ancho del que figura en el inventario municipal de acuerdo a una medición realizada en el año 2011.

En el escrito del Recurso se reconoce a continuación que *"compete a los comparecientes el cuidado, la conservación y mantenimiento del predio", pero que nadie les requirió para ello.*

Pues bien, de la reconocida obligación de los propietarios de mantener y conservar el ribazo, sin que nadie tenga porque instarles a hacerlo, cabe deducir que la retirada de maleza, árboles y arbustos nacidos en el propio talud provocó el desmoronamiento del mismo al no haber elementos que lo sujetasen, con la concecuente reducción del ancho del camino.

4.- Las descripciones de las fincas que aparecen en la documentación aportada muestran que algunos de sus lindes lo eran con "camino" y no con el propietario colindante con un a servidumbre entre ambos.

A la vista de toda la documentación aportada en el Recurso de Reposición presentado el 27-5-2016, me reitero en mi informe de fecha 19-4-2016.

MEAÑO, 21 de Junio de 2016. El arquitecto municipal"

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

**Cuarta.**- Da documentación que se fai referencia no punto 4º dos antecedentes de feito deste informe e que obra neste expediente, considerase que resulta probada a realidade fática do uso público deste camiño.

Así mesmo, na Sentenza nº 71/2017, ditada en relación co procedemento abreviado 284/2016, con data 4 de abril de 2016, sinálase que *"Por lo demás, y como se señala en la contestación a la demanda, el hecho de que el inventario, o la inclusión en el mismo del camino en cuestión, pueda haberse efectuado con posterioridad a actuaciones de la demandante sobre esa franja de terreno (denuncia por injerencia en su propiedad con el desbroce efectuado en el madarrón por operarios municipales), no cambia el hecho de que el camino es titularidad municipal aunque no se incluya en tal inventario, por determinarse así por ley, al venir destinado al uso y servicio público, no siendo constitutiva de la propiedad tal inscripción o inclusión."*

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

Por todo iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a que subscribe eleva a seguinte proposta de acordo:

1º.- Desestimar as alegacións contidas no escrito de alegacións presentado por por D. Tomás Outón Cacabelos e Dª Carmen Álvarez Dopazo, con data de rexistro de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Meaño 18-07-2017, nº 2017-E-RC-1142, en relación co expediente de referencia, por canto as alegacións contidas neste escrito de alegacións non desvirtúan o contido do mesmo, xa que:

a) Se considera probado, segundo se sinala no informe e reportaxe fotográfico realizado pola Policía Local de Meaño con data 12 de xuño de 2017 e no informe do arquitecto municipal de data 20 de xuño de 2017, que o peche obxecto do presente expediente é de recente construcción así coma a ocupación e obstaculización deste camiño, que impiden a función e uso normal do mesmo co conseguinte prexuízo para os usuarios e o interés xeral.
b) Segundo se sinala na Sentenza nº 71/2017, ditada en relación co procedemento abreviado 284/2016, con data 4 de abril de 2016, *"ha de partirse del hecho de que existe un camino inventariado-folio 42-, constando una ficha del mismo en la que éste se describe, entre otras cosas, con una anchura de 2,50 metros en su parte de tierra, y resultando a los efectos de que se trata la presunción de la titularidad municipal, al no haber sido impugnado tal inventario, y, sobre todo teniendo en cuenta que se trataría de determinar la propiedad de una franja de terreno, polo lo que existiría la presunción dicha hasta que por sentencia firme y definitiva dictada en la Jurisdicción Civil se estipule lo contrario, ya que, ni el Concello ni esta juzgadora puede resolver de forma definitiva cuestiones de propiedad, que es en definitiva lo que subyace en la pretensión de la parte demandante .*
*c)* Da documentación que obra no expediente, considérase que resulta probada a realidade fática do uso público deste camino. Así mesmo, na Sentenza nº 71/2017, ditada en relación co procedemento abreviado 284/2016, con data 4 de abril de 2016, sinálase que *"Por lo demás, y como se señala en la contestación a la demanda, el hecho de que el inventario, o la inclusión en el mismo del camino en cuestión, pueda haberse efectuado con posterioridad a actuaciones de la demandante sobre esa franja de terreno (denuncia por injerencia en su propiedad con el desbroce efectuado en el madarrón por operarios municipales), no cambia el hecho de que el camino es titularidad municipal aunque no se incluya en tal inventario, por determinarse así por ley, al venir destinado al uso y servicio público, no siendo constitutiva de la propiedad tal inscripción o inclusión."*

2º.- Recuperar, por vía administrativa, o camiño público D-54 PISTA DE A REVOLTIÑA, que foi perturbado por D. Tomás Outón Cacabelos e Dª Carmen Álvarez Dopazo, mediante a construcción de peche a base de postes e rexa metálica que está a ocupar e a invadir este camiño e impide a función e uso normal do mesmo co conseguinte prexuízo para os usuarios e o interés xeral.

CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)
C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

3º.- Requirir a D. Tomás Outón Cacabelos e Dª Carmen Álvarez Dopazo, para que no prazo de oito días naturais, proceda á retirada do devandito peche.

4º.- Advertir aos requiridos que, transcorrido devandito prazo o Concello, a través de persoal propio ou alleo, realizará o acto por si, con todos os gastos a cargo do mesmo.

5º.- Facultar á Sra. alcaldesa para adoptalas medidas legais oportunas para que se leve a debido efecto o acordado e en xeral para todo o relacionado con este asunto.

Este é o meu parecer que se somete a outro mellor fundado en dereito, non obstante, o Pleno acordará o que estime pertinente.

En Meaño, a 4 de agosto de 2017 A secretaria-interventora Asdo. Mª Teresa Escudero Barral"

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

Remata a Sra. alcaldesa sinalando que no ano 2016 xa se lle resolveu un expediente de reposición de legalidade urbanística a D. Tomás Outón Cacabelos e Dª Carmen Álvarez Dopazo pola colocación de columnas de pedra sen título habilitante, incumprindo a legalidade urbanística e invadindo este mesmo vial, expediente que foi recorrido polos promotores en vía xurisdicional contenciosa-administrativa e que lle foi desestimado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra; concluíndo que con este expediente de recuperación posesoria se trata de recuperar a posesión do camiño Pista de A Revoltiña, que foi ocupado e invadido de novo por D. Tomás Outón Cacabelos e Dª Carmen Álvarez Dopazo, mediante a construción de peche a base de postes e rexa metálica, impedindo a función e uso normal do mesmo.

Toma a palabra o Sr. Radío Oubiña, quen sinala que votará a favor da recuperación posesoria do devandito camiño porque si é público hai que recuperalo.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes quen manifesta que o seu grupo tamén votará a favor da proposta de recuperación posesoria deste camiño.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos doce membros presentes, acorda:

1º.- Desestimar as alegacións contidas no escrito de alegacións presentado por por D. Tomás Outón Cacabelos e Dª Carmen Álvarez Dopazo, con data de rexistro de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Meaño 18-07-2017, nº 2017-E-RC-1142, en relación co expediente de referencia, por canto as alegacións contidas neste escrito de alegacións non desvirtúan o contido do mesmo, xa que:

a) Se considera probado, segundo se sinala no informe e reportaxe fotográfico realizado pola Policía Local de Meaño con data 12 de xuño de 2017 e no informe do arquitecto municipal de data 20 de xuño de 2017, que o peche obxecto do presente expediente é de recente construcción así coma a ocupación e obstaculización deste camiño, que impiden a función e uso normal do mesmo co conseguinte prexuízo para os usuarios e o interés xeral.

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

b) Segundo se sinala na Sentenza nº 71/2017, ditada en relación co procedemento abreviado 284/2016, con data 4 de abril de 2016, "*ha de partirse del hecho de que existe un camino inventariado-folio 42-, constando una ficha del mismo en la que éste se describe, entre otras cosas, con una anchura de 2,50 metros en su parte de tierra, y resultando a los efectos de que se trata la presunción de la titularidad municipal, al no haber sido impugnado tal inventario, y, sobre todo teniendo en cuenta que se trataría de determinar la propiedad de una franja de terreno, polo lo que existiría la presunción dicha hasta que por sentencia firme y definitiva dictada en la Jurisdicción Civil se estipule lo contrario, ya que, ni el Concello ni esta juzgadora puede resolver de forma definitiva cuestiones de propiedad, que es en definitiva lo que subyace en la pretensión de la parte demandante* .

c) Da documentación que obra no expediente, considérase que resulta probada a realidade fática do uso público deste camino. Así mesmo, na Sentenza nº 71/2017, ditada en relación co procedemento abreviado 284/2016, con data 4 de abril de 2016, sinálase que "*Por lo demás, y como se señala en la contestación a la demanda, el hecho de que el inventario, o la inclusión en el mismo del camino en cuestión, pueda haberse efectuado con posterioridad a actuaciones de la demandante sobre esa franja de terreno (denuncia por injerencia en su propiedad con el desbroce efectuado en el madarrón por operarios municipales), no cambia el hecho de que el camino es titularidad municipal aunque no se incluya en tal inventario, por determinarse así por ley, al venir destinado al uso y servicio público, no siendo constitutiva de la propiedad tal inscripción o inclusión.*"

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

2º.- Recuperar, por vía administrativa, o camiño público D-54 PISTA DE A REVOLTIÑA, que foi perturbado por D. Tomás Outón Cacabelos e Dª Carmen Álvarez Dopazo, mediante a construción de peche a base de postes e rexa metálica que está a ocupar e a invadir este camiño e impide a función e uso normal do mesmo co conseguinte prexuízo para os usuarios e o interés xeral.

3º.- Requirir a D. Tomás Outón Cacabelos e Dª Carmen Álvarez Dopazo, para que no prazo de oito días naturais, proceda á retirada do devandito peche.

4º.- Advertir aos requiridos que, transcorrido devandito prazo o Concello, a través de persoal propio ou alleo, realizará o acto por si, con todos os gastos a cargo do mesmo.

5º.- Facultar á Sra. alcaldesa para adoptalas medidas legais oportunas para que se leve a debido efecto o acordado e en xeral para todo o relacionado con este asunto.

3º.- MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL EVENTUAL.

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta aos membros presentes da Corporación da

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

proposta da Alcaldía de modificación da relación de postos de traballo, cuxa cobertura corresponde a persoal eventual, coa supresión do posto de traballo de asesora da Alcaldía, sinalando que, segundo determina o artigo 104 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local o número, características e retribucións do persoal eventual será determinado polo Pleno da cada Corporación, ao comenzo do seu mandato. Estas determinacións só poderán modificarse con motivo da aprobación dos Presupostos. O nomeamento e cese é libre e corresponde ao alcalde/sa e cesan automaticamente en todo caso cando se produza o cese ou expire o mandato da autoridade á que presten a súa confianza ou asesoramento. Considerando que mediante Resolución da Alcaldía de data 24 de abril de 2017 foi cesada a persoa que ocupaba, como persoal eventual, o posto de asesora da Alcaldía; esta Alcaldía propouxolle á Comisión Especial de Contas esta modificación resultando ditaminada favorablemente.

Sometido a deliberaciópn toma a palabra o Sr. Radío Oubiña, quen sinala que sin tempo non era e felicita a alcaldesa pola proposta, anunciando que votará a favor.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que votará a favor da proposta puntualizando que na política entrase por elección nunha lista.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos doce membros presentes, acorda:

1º/ Modificar a relación de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual coa supresión do seguinte posto de traballo de persoal eventual, asignado aos Servizos Xerais

| **Número** | **Denominación do posto** | **Xornada** | **Rebribución exercicio 2017** |
|---|---|---|---|
| 1 | Asesor/a da Alcaldía | 19 horas semanais | 11.200,00 € |

2º/ O presente acordo farase público segundo determina o artigo 104.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local.

4º.- RECOÑECEMENTO DE DEDICACIÓNS PARCIAIS DE CARGOS DA CORPORACIÓN.

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta aos membros presentes da Corporación da proposta da Alcaldía de determinación do réxime de dedicacións parcias e retribucións para as concelleiras Dª Pilar González Dopazo, que ostentará o cargo de concelleira de cultura, educación, infancia, xuventude, deporte e ocupación do tempo libre e coordinación de áreas e relacións intitucionais e Dª Milagros Pérez Gándara, que ostentará o cargo de concelleira de servizos sociais e igualdade que inclúe a coordinación e impulso en materia de instalacións e equipamentos sociais, asistencia social, servizos socias e promoción social, muller, terceira idade e participación cidadá; engadindo que segundo establece o artigo 75.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora



N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

das Bases de Réxime Local, os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar fucións de presidencia, viceprediencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiren, percibirán retribucións polo tempo de decicación efectiva ás mesmas, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo a Corporación as cotas empresarias que corresponda. Nos acordos plenarios de determinación de cargos que levan aparellada dedicación parcial e das retribucións dos mesmos, debera conter o réxime da dedicación mínima necesaria para a precepción de ditas retribucións; tendo efectos o nomeamento si é aceptado expresamente polo/a designado/a, segundo determina o artigo 13.4 do do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Toma a palabra o Sr. Radío Oubiña, quen pregunta cal é o traballo que van desenvolver e si tiña pensado liberar a estas concelleiras ao prinicipio da lexislatura. Engadindo que, o Concello pasará de gastar 11.200,00 € das retribucións da asesora da Alcaldía a 14.000,00 € polas retribucións das dedicacións que se propoñen, puntualizando que se vai a liberar e asignar retribucións a unha concelleira polo desempeño de funcións que veñen establecidas na lei como a asistencia aos consellos escolares, que con anterioridade as desenvolvía un concelleiro que non cobraba.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que está a favor da supresión do posto de asesora da Alcaldía e que esta proposta sigue a responder ao pago dun favor persoal ao suprimir o posto de asesora da Alcaldía, que no intre de crearse se consideraba como imprescindible e que agora se comproba que non era necesario, e convertir á persoa que fora nomeada como tal en concelleira liberada a tempo parcial. Remata puntualizando que esperan que redunde na calidade dos servizos e que estarán espectantes.

Contesta a Sra. alcaldesa que esta proposta ven motivada no crecente volume de traballo que están a experimentar estas áreas que recae directamente no Concello ao ter asumida a xestión directa, o que fai necesaria un seguimento constante e dedicación. En canto ao aumento de gasto que sinala o Sr. Radío Oubiña precisa que as colleiras con dedicación non percibirán asistencia a sesións de órganos colexiados polo que o incremento pola diferencia apuntada non será tal.

Toma a palabra o Sr. Varela Budelo, quen manifesta que houbo unha mal planificación desde o principio da lexislatura e o volume de traballo e a xestión nestas áreas e similar ao inicio; considera que ten que haber concelleiros liberados, sobre todo en obras, e que quen traballa ten que cobrar pero planificouse mal.

Contesta a Sra. alcaldesa sinalándolle ao Sr. Varela Budelo que nunha lexislatura pasada fora desigando concelleiro con dedicación parcial a mitade da lexislatura e non considera que estivese mal planificado porque o traballo e as funcións existían e facíanse, só que antes do nomeamento non se cobraba e despois si.

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Replica o Sr. Varela Budelo sinanlando que asumira a dedicación no medio dunha lexislatura cando se empezou a xestionando a EDAR, que houbo que traballar moitas horas.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, con cinco votos en contra do Sr. Radío Oubiña e dos membros do grupo municipal MI e por sete votos a favor acorda:

1º/ Determinar o seguinte réxime de dedicacións parcias e retribucións para os seguintes cargos da corporación, coa alta no réxime xera da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda:

| CONCELLERÍA | TIPO DE DEDICACIÓN | RÉXIME DE DEDICACIÓN | RETRIBUCIÓN ANUAL |
|---|---|---|---|
| Concelleira de cultura, educación, infancia, xuventude, deporte e ocupación do tempo libre. Coordinación de áreas e relacións intitucionais | Parcial | 14 Horas semanais | 8.400,00 € (14 pagas) |
| Concelleira de servizos sociais e igualdade | Parcial | 9 horas semanais | 5.600,00 € (14 pagas) |

A percepción desta retribución é compatible co desenvolvemento de outros traballos, nos termos da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral.

A percepción das retribucións`polo exercicio destes cargos en réxime de dedicación parcial será incompatible coa percepción de asistencia pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados.

As retribucións serán distribuirá en doce mensualidades iguais e dúas pagas polo mesmo importe dunha mensualidade cada unha delas e que se devengarán nos meses de xuño e decembro.

Non variando o réxime de dedicación exclusiva da Alcaldía.

2º/ O desempeño desta dedicación será expresamente aceptada polas designadas e terá efectos a partir do 1 de setembro de 2017.

3º/ O presente acordo farase público segundo determina o artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local.

5º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓNS DE CRÉDITOS E BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2017.

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta aos membros presentes da Corporación da proposta da Alcaldía en relación co expediente de modificación de créditos, suplementos de crédito 1/2017 e créditos extraordinarios 1/2017, motivados en que se observa insuficiencia de crédito en determinadas partidas do Estado de Gastos do Orzamento Municipal para atender necesidades que non poden demorase ata o exercicio seguinte, que afectan aos seguintes investimentos:

- Terreos accesos a núcleos de poboación; proponse un aumento de 25.000,00 €.
- Reposición e mellora de accesos a núcleos de poboación; proponse un aumento de 15.000,00 €.
- Mellora do servizo de abastecemento de auga (Automatización e outras melloras no depósito de distribución de auga de Penaguda); proponse un aumento de 25.000,00 €.
- Melloras de iluminación e outras en instalacións deportivas (Reforzamento de liña eléctrica campo de fútbol de Meaño e outras melloras en instalacións deportivas pavillóns deportivos Meaño e Dena); proponse un aumento de 45.000,00 €.
- Equipamento informático (Novo equipamento informático con motivo da implantación da administración electrónica e implantación de sistemas de protección); proponse un aumento de 10.000,00.
- Achega municipal a solicitude de subvención ao abeiro Plan de Obras e Servizos-Plan Concellos 2017 para o investiomento "Reparación de parques infantís no Concello de Meaño", xa que ao abeiro da Disposición Oitava das Bases Reguladoras deberán encadrarse nun proxecto de investimento cun orzamento igual ou superior a 20.000,00 €; proponse un aumento de 6.000,00 €.

E a transferencia de capital:

- Financiamento da subvención en especie á entidade deportiva Unión Dena Club de Fúbtol para a execución da obra "Substitución do céspder artificial e obras complementarias no campo de fútos de As Cachizas-Dena" proponse un aumento de183.000,00 €.

E da concesión de créditos extraordinarios para afrontar gastos necesarios, que se considera que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, relativas a gastos de inversión, que afecta a:

- Adquisición de vehículo para obras e servizos municipais; proponse un aumento de 10.000,00 €.
- Achega municipal ao "Proxecto básico e de execución modificado de reconstrución de fachadas e cuberta de pavillón deportivo – Xil" ante a necesidade da reformulación de solicitude de subvención ao abeiro do Plan de Obras e Servizos – Plan Concellos 2016 pola necesidade xurdida da redación dun novo proxecto básico e de execución modificado e que suporá dispoñer dunha achega por parte do Concello tanto para obra como para redacción de proxecto técnico; proponse un aumento de 145.000,00 €.

Acadando un importe total de 464.000,00 €, que se financiará con cargo ao superávit en contabilidade nacional e remanente líquido de tesourería para gastos xerais, obtidos da Liquidación do Orzamento correspondente ó exercicio económico 2016.

Así mesmo da conta da proposta de modificación da Base XII, apartado C das Bases de Execución do Orzamento coa inclusión como nominativa, por existir razóns de

CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

interese público e social e pola peculiaridade que reviste, segundo se sinala na memoria, elaborada ao abeiro do artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, de non pode ser obxecto de concorrencia, a seguinte subvención en especie:

| APLICACIÓN | BENEFICIARIO | FINALIDADE | IMPORTE |
|---|---|---|---|
